

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno
correspondente ó día 6 de xullo de 2020

Con data seis de xullo do ano dous mil vinte, ás dez horas e quince minutos, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación a través do sistema de videoconferencia (a través do enlace lifesizecloud.com remitido coa convocatoria), co fin de realizar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente:

D. José Manuel Baltar Blanco

Deputados/as:

D. Rosendo Luis Fernández Fernández

D. Plácido Álvarez Dobaño

D. Jorge Pumar Tesouro

D. Pablo Pérez Pérez

D.^a Ana María Villarino Pardo

D. César Manuel Fernández Gil

D.^a Luz Doporto Real

D. Armando Ojea Bouzo

Secretario:

D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D.^a Mónica Legaspi Díaz

Iniciase o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do modo que se reflicte a continuación:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 29 DE XUÑO DE 2020.- A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 29 de xuño de 2020.

Non se producen intervencións, polo que a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

- Aprobar a acta da sesión ordinaria do día 29 de xuño de 2020, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2.- FIXACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS POLA PARTICIPACIÓN EN DISTINTOS CAMPAMENTOS DO VERÁN.- Unha vez vista a proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

1º) A celebración dos campamentos que se citan a continuación:

- Campamento da Ourensanía-Explora Ourense (campamento de verán para rapaces, que se realizará no complexo turístico O Corgo, situado en Mugueimes (Muíños), entre os días 1 ao 6 de agosto de 2020, para a primeira quenda, e do 7 ao 12 de agosto, para a segunda.
- Campamento Natur-Camp (campamento de verán para rapaces, que se realizará no complexo turístico O Corgo, situado en Mugueimes (Muíños), nunha única quenda, entre os días 25 ao 31 de xullo de 2020.

2º) Establecer o prezo público de 88,00 euros (IVE incluído) en concepto de cota de inscrición no “Campamento da Ourensanía-Explora Ourense”, e de 88,00 euros (IVE incluído) en concepto de cota de inscrición no Campamento Natur-Camp.

3º) Estarán obrigados ao pago deste os pais ou representantes legais dos rapaces que presentaran a súa solicitude de admisión no Rexistro da Deputación.

4º) Os/as usuarios/as deberán facer efectivo o pago polo importe correspondente no momento da formalización da inscrición, e, en todo caso, con carácter previo ao inicio da actividade.

5º) Nos restantes casos non previstos neste acordo, estarase ao disposto na Ordenanza reguladora dos

prezos públicos polos servizos de actividades culturais, deportivas, educativas e de ocupación do tempo libre promovidas pola Deputación Provincial de Ourense (BOP n.º 139, do 19 de xuño de 2014).

3.- RESOLUCIÓN DO CONCURSO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A DEPORTISTAS CUALIFICADOS EN MODALIDADES DEPORTIVAS INDIVIDUAIS, TEMPORADA 2018-2019, CONVOCATORIA 2020.- Unha vez vista a proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Resolver, de forma definitiva, o concurso público para a concesión de subvencións a deportistas cualificados en modalidades deportivas individuais, temporada deportiva 2018-2019, temporada deportiva 2020, co seguinte detalle:

1º) Desestimar as alegacións presentadas por José Antonio Requejo Santos, Ainhoa García Rodríguez e Manuel Freire Rodríguez polos motivos recollidos na acta que figura, para coñecemento e efectos oportunos, na Sección de Subvencións.

2º) Estimar a alegación presentada por Pablo Rey Pérez, co contido establecido na parte expositiva da acta, asignándolle 20 puntos máis da outorgada na valoración inicial.

3º) Excluir da valoración as seguintes solicitudes, polos motivos que se indican:

- Cudeiro Félix, Pablo (Atletismo). Por presentar a documentación valorable fóra de prazo.
- Pereira Rubín, Blanca (Atletismo). Por non cubrir ningún anexo.
- Requejo Santos, José Antonio (Atletismo). Non compite por lesión e non achega certificado médico que o acredita, ademais de non presentar a documentación valorable en prazo.
- Santos Villalón, Carolina (Atletismo). Non cubre ningún anexo.
- Álvarez Maestre, Laia (Pádel). O Pádel é deporte de equipo.
- Freire Rodríguez, Manuel (Piragüismo). Non achega licenza da provincia de Ourense.
- Girón González, José Antonio (Piragüismo). Excluído por ser deportista veterano.

4º) Denegar a concesión de subvención aos seguintes solicitantes, por non superar a puntuación mínima establecida en 90 puntos:

Rodríguez Pérez, Hugo	Ximnasia-Trampolín
Rodríguez Pérez, Mateo	Ximnasia-Trampolín
Fernández Enríquez, Ignacio	Bádminton
Hermida García, Mireia	Bádminton
Martínez Fernández, Fátima	Taekwondo
Álvarez Ferreira, Alexandre	Triatlón
Salas Cid, Rocío	Ximnasia-Trampolín
Guede Diez, Sofía	Wushu

Seoane Rodríguez, Ánxela	Atletismo
Vázquez González, Rita	Atletismo
Sánchez Rodríguez, Brais	Taekwondo
Fernández López, Luz María	Natación
Pérez Cicero, Sofía	Wushu
Malingre Sánchez, Javier	Atletismo
Manso Delgado, Brais	Atletismo
Rodríguez Fernández, José Benito	Atletismo
Aller Pfrter, Mailen	Orientación
Fraguas Fernández, Alberto	Automobilismo
Rey Pérez, Pablo	Automobilismo
Valencia García, Emma	Atletismo
Guevara Platero, Iria	Halterofilia
Ojea Vázquez, Estela Luisa	Natación
Díaz López, Eyén	Halterofilia
Taboada Cid, Anxo	Halterofilia
Fernández Fidalgo, Simón	Windsurf
Varela Salgado, Sheila	Atletismo
Bernardo Estévez, Laura	Natación
Iglesias Doval, Julio	Taekwondo
Blanco Mayorgas, Nicolás	Windsurf
Rodríguez Nogueira, Marcos	Ciclismo
Lorenzo Mosquera, Antón	Xadrez
Abadín Cid, Jonathan	Automobilismo
Fraguas Fernández, Manuel Modesto	Automobilismo
Sampil Vila, Jaime	Automobilismo
Vázquez Fernández, Abraham	Automobilismo

5º) Concederlles, conforme á valoración efectuada e unha vez resoltas as alegacións presentadas, as subvencións polos importes e puntuacións que se indican, ós seguintes solicitantes:

APELIDOS E NOME DO DEPORTISTA	MODALIDADE	IMPORTE
GRUPO PRIMEIRO		
Davite Aguiar, David	Tiro Olímpico	1.500 €
Feijóo Alberte, Iván	Ciclismo	1.500 €
Pérez Morales, Daniel	Ximnasia	1.500 €
Ferreira Colmenero, José Manuel	Wushu	1.500 €
Canal Blanco, Carlos	Ciclismo	1.500 €
Gago Troitiño, Ezequiel	Wushu	1.500 €
Rodríguez León, Jesús	Piragüismo	1.500 €

GRUPO SEGUNDO		
Rodríguez Guede, Pablo	Ciclismo	900 €
Domuro Arias, Lucas	Ximnasia-Trampolín	900 €
Gil Pérez, Leticia	Atletismo	900 €
GRUPO TERCEIRO		

González Nóvoa, María	Taekwondo	660 €
Montero López, Alejandro	Atletismo	660 €
Fernández Rodríguez, Eva	Halterofilia	660 €
Salgado López, Iván	Xadrez	660 €
Barbado Fernández, Miguel	Bádminton	660 €
Ruiz Paz, Sergio	Piragüismo	660 €
González García, David	Natación	660 €
Míguez Escudero, Manuel	Boxeo	660 €
GRUPO CUARTO		
Puente-Dodd Álvarez, Noa	Ximnasia-Trampolín	410 €
Pérez iglesias, María	Vela	410 €
Salas Cid, María	Ximnasia-Trampolín	410 €
Ferreiro Domínguez, María	Taekwondo	410 €
García Rodríguez, Ainoha	Taekwondo	410 €
Ramírez Alzate, Iván Darío	Halterofilia	410 €
Gago Troitiño, Agar	Wushu	410 €
Castaño Garrido, Pedro	Ximnasia-Trampolín	

		410 €
Ansia López, Brais	Wushu	410 €
García Varela, María Fujú	Ximnasia-Trampolín	410 €
Revuelta Parra, Carlos	Atletismo	410 €
Silva Cid, Tamara	Jiu-Jitsu-Judo	410 €
Fernández Dacal, Cecilia	Golf	410 €
Conde Abad, Martín	Taekwondo	410 €
Batán Álvarez, Rubén	Kickboxing	410 €
Feijóo Gómez, Eva	Natación	410 €
Rodríguez Rodríguez, Saúl	Ximnasia-Trampolín	410 €
Feijóo Gómez, Julian	Taekwondo	410 €
Freixedo González, Roi	Tiro Olímpico-Precisión	410 €
Suarez Rodríguez, Pablo	Wushu	410 €
Mateo Rego, Daniel	Kickboxing	410 €
Mateo Rego, Paula	Kickboxing	

		410 €
Taboada Vila, Alberto	Natación	410 €
Fernández Justo, Paula	Tiro Olímpico-Precisión	410 €
Fernández Rodríguez, José Manuel	Tiro Olímpico	410 €
Herrero Valcarce, Lucía	Kárate	410 €
Bardelás Rivera, Alex	Pesca	410 €
Pérez Quinteiro, Noa	Taekwondo	410 €

4.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO CONCURSO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA PROXECTOS DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS PARA O ANO 2020.- Unha vez vista a proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

1º) Aprobar as bases reguladoras da convocatoria do concurso público para a concesión de subvencións para proxectos de prestación de servizos sociais para o ano 2020, con suxeición ás seguintes cláusulas:

Primeira.- Obxecto da subvención.

Constitúe o obxecto destas bases a regulación da convocatoria pública, por parte da Deputación Provincial de Ourense, para a tramitación e concesión de subvencións destinadas a organizacións, asociacións e/ou fundacións que desenvolven proxectos de carácter social na provincia de Ourense durante o ano 2020.

Segunda.- Beneficiarios:

Poderán obter subvención como beneficiario/as ás organizacións, asociacións e/ou fundacións legalmente constituídas, para aqueles Proxectos/actuacións que se desenvolvan integramente nesta provincia e se dirixan a persoas con residencia na provincia de Ourense.

Ás entidades beneficiarias esixiráselles que teñan o seu domicilio social ou centro de actividades autorizado na provincia de Ourense. Para elo terase en conta, unicamente, os datos

de domicilio ou “centro de actividade” que conste dado de alta no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia.

Proxectos de prestacións de servizos sociais na provincia de Ourense.

- Que o proxecto se dirixa ós/ás beneficiarios/as últimos de calquera dos colectivos das distintas áreas de actuación propias de servizos sociais, primando aqueles colectivos de persoas, que por razóns obxectivas de índole económica, de saúde ou pola concorrencia de circunstancias sociais, étnicas ou culturais, sufran especiais dificultades respecto da xeneralidade da poboación e precisen dun tratamento específico para o acceso ao goce pleno dos dereitos de contido social, económico, ou laboral recoñecidos no ordenamento xurídico.
- Que sexan prestados dun xeito altruísta e desinteresado, sen fins de lucro.
- Que a actividade para a que solicita subvención este prevista dentro do obxectivos da entidade e recollidos nos seus estatutos fundacionais.
- No caso de centros ou servizos sociais especializados, será requisito imprescindible dispor da correspondente autorización da Xunta para a súa creación se é o caso.

Os presentadores de solicitudes terán que cumprir os seguintes requisitos:

- Que as devanditas entidades de iniciativa social estean inscritas con anterioridade á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, no Rexistro único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia.
- Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiaria esixidos no artigo 10 da Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- No suposto de ter recibido con anterioridade subvención desta Deputación, non deben existir incumprimentos das obrigas derivadas da súa concesión.

Terceira.-Dispoñibilidades orzamentarias:

As subvencións obxecto da presente convocatoria intégranse na liña de acción de concurso de subvencións para entidades sen ánimo de lucro que presten servizos sociais, contemplada no apartado D.5 do Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación Provincial de Ourense e do INORDE para o período 2020-2023 publicado no Boletín Oficial da Provincia de Ourense do 19 de febreiro de 2020.

Para as subvencións concedidas nesta convocatoria resérvase crédito na aplicación 23111 48000 do orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2020 por importe de 300.000 € (trescentos mil euros).

Cuarta.-Contía:

Proxectos de prestacións de servizos sociais na provincia de Ourense.....15.000 €

Ningunha entidade poderá solicitar subvención máis de un proxecto.

A determinación da contía de cada subvención será establecida pola Xunta de Goberno trala proposta previa da comisión de valoración, de acordo cos criterios establecidos na base décima.

O importe máximo da subvención para cada proxecto poderá chegar ao 100%non poderá exceder do 100 % do seu orzamento.

Quinta.- Solicitudes: prazos, lugar de presentación e documentación:

1. As solicitudes deberanse presentar telematicamente, a través do rexistro xeral da Deputación de Ourense .O emprego de medios electrónicos para a formulación da solicitude terá carácter obrigatorio, ao abeiro do establecido no artigo 14 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas ao estar plenamente garantido o acceso e dispoñibilidade dos medios tecnolóxicos precisos conforme co establecido nos parágrafos seguintes, polo que non se admitirá a trámite ningunha solicitude que se formule por outros medios, sendo obrigatoria a presentación de solicitudes por vía telemática de conformidade co previsto nesta base. Para a presentación da solicitude terá que utilizarse o formulario normalizado que se estableza.
2. O prazo improrrogable de presentación será de (15) días naturais, contado a partir do día seguinte da publicación do extracto destas bases no boletín oficial da provincial de Ourense.
3. As solicitudes deberán formularse achegando a seguinte documentación, en formato electrónico:

- Formulario de solicitude. Este formulario, que estará dispoñible na páxina web da Deputación de Ourense contén os datos da entidade, do seu representante, unha declaración do poder co que este actúa, ademais da declaración do conxunto de subvencións e axudas solicitadas para os mesmos fins.

Este formulario ademais contén a Memoria explicativa do proxecto obxecto de solicitude da subvención que deberá ser cumprimentado pola entidade solicitante e que será obxecto de valoración comparativa.

- DNI do/a representante da Entidade, sempre que non se autorice á Deputación á consultalo automaticamente
- CIF da entidade solicitantes, sempre que non se autorice á Deputación á consultado automaticamente.
- Copia da folla dos estatutos sociais da entidade onde conste o seu obxecto social.
- Declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións previstas no artigo 13 da lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, para obter a condición de beneficiario/a

Se tales documentos foron achegados polo interesado/a ante calquera administración, deberá indicar en que momento e ante que administración os presentou para poder obtelos electronicamente a través das redes corporativas, consultando as plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para tal fin.

En todo caso, se por razóns técnicas e/ou informáticas non puidera ser posible a comprobación dalgún dos requisitos da persoa solicitante, a Deputación poderá solicitarlle que achegue a documentación probatoria, que será dixitalizada para ser incorporada o expediente electrónico da solicitude.

En caso contrario terán que ser rexistradas polo propio solicitante a través dos medios electrónicos validamente recoñecidos no artigo 10 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Sexta.- Réxime de protección dos datos achegados coa solicitude:

1.- O tratamento pola Deputación Provincial dos datos persoais achegados polos solicitantes fundamentase no disposto nos apartados c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas

físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, así como no artigo 6.2 da Lei orgánica 3/2018 de protección dos datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, ao ser a achega dos datos e informacións esixida nas presentes bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes consonte ao indicado nas propias bases.

En consecuencia, a negativa a facilitar estes datos á Deputación Provincial determinará a exclusión do interesado do procedemento.

2.- En cumprimento do establecido no artigo 13 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmase aos interesados do seguinte:

a) O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial de Ourense, cuxo representante legal é o seu presidente, don José Manuel Baltar Blanco, con domicilio para os efectos de notificacións na rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988317600/1 e correo electrónico: gabinete.presidencia@depourense.es.

b) O delegado de protección de datos é o vicesecretario xeral da Deputación Provincial de Ourense, don Juan Marquina Fuentes, con domicilio, para os efectos de notificacións, na rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988317620 e correo electrónico: DPO@depourense.es.

c) Os datos subministrados coa solicitude destínanse unicamente a garantir o cumprimento do establecido na lexislación xeral de subvencións, a comprobar que o solicitante reúne os requisitos establecidos para poder ser beneficiario. Ademais, e en cumprimento do establecido nos artigos 20 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e 8.1.c) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, a información relativa ás subvencións concedidas, alí prevista, será obxecto de publicación segundo se prevé na normativa de aplicación. Publicaranse igualmente na sede electrónica .

As publicacións referidas manteranse durante un prazo mínimo de catro anos dende a realización da publicación, podendo, a partir dese prazo, ser suprimida de xeito motivado a

publicación de oficio pola Deputación Provincial ou ben a solicitude dos interesados, dirixida ao responsable do tratamento. En todo caso, as solicitudes e o resto de documentación obrante no expediente atoparase a disposición doutros interesados no procedemento para os solos efectos da formulación de reclamacións ou interposición de recursos que legalmente procedan contra o acto de resolución, e baixo a condición de que os datos de identidade persoal dos interesados non se poidan facer públicos.

d) A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude é a necesidade deses datos para o cumprimento das obrigas legais que impón a lexislación xeral de subvencións, en tanto que Administración pública concedente (artigo 6.1.c) do Regulamento UE 2016/679) e, no caso dos datos para acreditación do cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e valoración de solicitudes, a necesidade deses datos para dar satisfacción á finalidade de interese público perseguida coa presente convocatoria (artigo 6.1.e) do Regulamento UE 2016/679).

e) Os datos subministrados á Deputación Provincial serán tratados polo persoal autorizado para a tramitación da solicitude, suxeitos a deber de reserva.

Estes datos poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- Ao resto de solicitantes ou os seus representantes legais cando así o reclamen para a formulación de reclamacións ou interposición de recursos contra o acto de adxudicación.
- Aos membros da corporación que o soliciten, aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos xudiciais que poidan interpoñerse contra a decisión de adxudicación, así como ao Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor del Pueblo, Tribunal de Cuentas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas.
- Ás persoas que o soliciten ao abeiro do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, previo expediente contradictorio con audiencia do interesado titular dos datos e nos termos previstos na dita lei.
- f) En ningún caso se transferirán os seus datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.

g) Os datos subministrados conservaranse nos arquivos da Deputación Provincial de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme ao disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.

h) Os interesados poderán solicitar en todo momento da Presidencia da Deputación o acceso aos seus datos, así como a súa rectificación, de ser o caso. Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos ditos datos, referida á súa publicación, unha vez transcorrido o prazo de catro anos previsto nas presentes bases. Poderá formularse igualmente a oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular do interesado, nos termos previstos no artigo 21 do Regulamento UE 2016/679.

Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante escrito dirixido á Presidencia da Deputación Provincial. De conformidade co disposto no artigo 20.3 do Regulamento UE 2016/679, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados á Deputación Provincial neste procedemento.

i) En todo caso, os interesados poderán formular as reclamacións que considere oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos. k) A falla de subministración á Deputación Provincial dos datos persoais requiridos, ao constituír un requisito legal para a selección dos beneficiarios, dará lugar á exclusión dos interesados do procedemento.

l) En ningún caso se procederá á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta cláusula.

Sétima.- Gastos subvencionables:

Considéranse gastos subvencionables aqueles que, atopándose incluídos nos conceptos recollidos no artigo 29 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, formen parte do desenvolvemento dos proxectos obxecto desta convocatoria e que cumpran os seguintes requisitos:

- Que foran ocasionados con motivo da realización do proxecto aprobado e garden estreita relación co seu contido.

- Que existan constancia documental da súa realización. No caso de presentar facturas simplificadas para esta acreditación deberán conter, obrigatoriamente, o CIF/NIF do destinatario que deberá ser coincidente co beneficiario/a da subvención.
- Que se realicen dentro do prazo de execución do proxecto. A efectos de xustificación do gasto o prazo de execución será o comprendido entre o 1 de xaneiro de 2020 ata o 30 de novembro de 2020.
- Que exista coherencia entre a porcentaxe de imputación e ó proxecto subvencionado.
- Que existan proporcionalidade, no caso de proxectos presentados por dúas ou máis entidades, entre a porcentaxe de participación da entidade no desenvolvemento do proxecto e os gastos que esa entidade xustifica dentro da xustificación global do proxecto.

Quedan expresamente excluídos dos gastos subvencionables: tickets, gastos de repostaxe de combustible, gastos de aparcadoiros e peaxes de autoestradas, sen perxuízo de que tales gastos si se consideren subvencionables cando se incorporan como indemnizacións por razón de servizo e se xustifican legalmente como tales.

Igualmente quedan excluídos os gastos e/ou proxectos de campañas de publicidade, información e difusión sobre a entidade ou os seus obxectivos, xerais ou concretos ou aquelas actuacións que poden ser prestados dende servizos normalizados dispoñibles e accesibles

Poderán ser subvencionables os gastos correntes das entidades/asociacións beneficiarias. Entenderanse gastos correntes os referidos ó aluguer de local, subministracións de enerxía eléctrica, comunicacións telefónicas, correo, material consumible de oficina etc. Para dar conta destes gastos na documentación acreditativa ten que constar ó/á beneficiario/a da subvención, e dirixida ó domicilio social da entidade subvencionada. Non se admitirán gastos dirixidos a unha sede social diferentes á propia do/s domicilio/s social ou aquela documentación onde nos conste o CIF do/s beneficiario/s.

Oitava.- Procedemento de concesión:

O procedemento de concesión será o de concorrência competitiva.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Área de Benestar procederá a instrución do expediente de comprobación da corrección da documentación administrativa achegada.

Examinada a documentación, a Presidencia poderá conceder un prazo de ata dez días hábiles para emendar deficiencias materiais na documentación administrativa presentada. Dado o carácter competitivo do procedemento, advírtese expresamente que en ningún caso se concederá prazo para a mellora da documentación valorable.

Unha vez transcorrido dito prazo, se é o caso, o expediente pasará á Comisión de Valoración que procederá a formula-la proposta de resolución provisional conforme coas regras seguintes:

- Con respecto ás entidades que non achegasen de modo completo e no prazo establecido a documentación, así como as entidades que non cumpran os requisitos establecidos na convocatoria, formularase proposta de non admisión a trámite das súas solicitudes.
- Con respecto ó resto de entidades, proporase a súa admisión a trámite, procedendo a formular proposta de valoración das solicitudes conforme cos criterios recollidos na base noventa.

A proposta provisional de resolución será sometida a trámite de audiencia aos interesados por prazo de dez días hábiles.

Durante o dito prazo, os interesados poderán formular as alegacións que estimen oportunas fronte á proposta provisional. As ditas alegacións serán resoltas expresamente pola Comisión de Valoración a través da proposta definitiva. No caso de non formularse alegacións, a proposta provisional considerarase definitiva, continuándose coa tramitación conforme co disposto nestas bases.

Novena.- Comisión de valoración:

A comisión de valoración estará integrada polos seguintes membros:

- Presidente: o presidente da Deputación Provincial ou deputada/o en quen delegue.
- Vogais:
 - o O secretario xeral da Deputación ou funcionaria/o que legalmente o substitúa.

- A interventora xeral da Deputación ou funcionaria/o que legalmente o substitúa
- O Director da Area de Benestar e un/unha técnico/a por designación da Presidencia que actuará como secretario/a da comisión coas funcións propias dun/dunha secretario/a de actas.

Décima.- Criterios de valoración para outorgamento das subvencións:

1. Para o outorgamento das subvencións, a comisión de valoración procederá á valoración en atención a criterios previstos– fase de valoración primaria, e valoración en base a criterios xenéricos aplicables a todos os proxectos – valoración secundaria.

1.1. Valoración Primaria. Ata 70 puntos que se distribuirán do modo seguinte:

- Proxectos presentados dentro do ámbito de atención as persoas ante situacións directamente derivadas dos efectos da pandemia do COVID19: 5 puntos
- Proxectos presentados por entidades con domicilio social en algún concello da provincia de Ourense de menos de 20.000 habitantes: 10 puntos.
- Valoración da memoria do proxecto presentado. Valorase cunha puntuación máxima de vinte e cinco (25) puntos. Neste punto terase en conta:
 - Xustificación da necesidade que se contempla como obxectivo de proxecto. (descrición da necesidade no entorno de desenvolvemento, existencia doutras iniciativas con fins iguais ou similares en contornos de referencia etc.). Ata 15 puntos
 - Tipoloxía de poboación á que se dirixe, a fin de que o seu obxectivo sexa a poboación máis sensible e vulnerable para os efectos derivados da pandemia do covid 19. Ata 10 puntos
- A calidade, eficacia e eficiencia do proxecto ou proxectos presentados. Valorase cunha puntuación máxima de trinta (30) puntos.
 - Aspectos organizativos e de xestión do proxecto. Ata 10 puntos
 - Concreción de obxectivos a alcanzar co desenvolvemento do proxecto. Ata 10 puntos
 - Sistema de medición dos resultados a acadar. Ata 10 puntos.

Para ser seleccionadas como entidades beneficiarias e optar á subvención, cada proxecto presentado pola entidade solicitante deberá acadar unha puntuación mínima de 40 puntos nesta fase de valoración.

1.2 Fase de valoración secundaria: a esta fase solo accederán aqueles proxecto que tiveran, como mínimo os 40 puntos. Nesta fase aplicaranse os chamados: Criterios xenéricos: Ata 30 puntos, que se distribuirán do seguinte modo:

- Esfuerzo da entidade promotora/socios/asociados para o desenvolvemento e sustentabilidade do proxecto: Ata 10 puntos.
- Complementariedade dos proxectos cos servizos públicos da entidade territorial de implantación. Ata 5 puntos
- Colectivo/necesidades obxectivo do proxecto, ata 15 puntos.

A puntuación total da entidade beneficiaria resultará de sumar os puntos acadados segundo os criterios establecidos nos dous apartados anteriores.

A comisión de valoración, motivadamente, poderá requirir das entidades solicitantes información ou documentación adicional que teña unha relevancia fundamental e unha relación directa para unha mellor avaliación da solicitude.

Así mesmo, poderá excluír da valoración a aquelas entidades que, de conformidade coa documentación presentada, sexan motivadamente cualificadas como tecnicamente insolventes ou soliciten axudas para a realización de proxectos de actividades inviables, economicamente xustificables ou alleas a finalidade propia da entidades en atención os seus estatutos.

Undécima.- Resolución:

A proposta da comisión de valoración elevaráselle á Xunta de Goberno da Deputación, que adoptará o acordo de resolución no prazo máximo de tres meses dende o remate do prazo de corrección de deficiencias documentais, de se-lo caso, ou dende o remate do prazo de presentación de instancias. A falla de resolución expresa no dito prazo terá o efecto dun acto presunto desestimatorio.

A resolución axustarase á proposta da comisión de valoración, agás naqueles supostos en que a Xunta de Goberno considere que a dita proposta incorre en infracción do disposto nestas bases ou na lexislación aplicable, en cuxo caso solicitaralle á comisión, tralos informes previos que considere oportunos, a formulación dunha nova proposta axustada ás bases e á normativa de aplicación. A comisión deberá formular esta nova proposta no prazo de quince días. No caso de non o facer así, a Xunta de Goberno resolverá conforme coa proposta inicial, introducindo as modificacións precisas para garanti-lo cumprimento do establecido nas bases e na lexislación vixente.

Entenderase que as entidades que resulten beneficiarias da subvención aceptan a subvención concedida salvo que, no prazo de 5 días hábiles manifesten expresamente a súa renuncia ou rexeitamento á devandita subvención. O formulario de renuncia/rexeitamento estará dispoñible na páxina web da Deputación de Ourense.

O procedemento para a presentación deste formulario será o descrito na base quinta para a presentación do formulario de inicio da solicitude.

Duodécima.- Publicidade da concesión:

Ó abeiro do disposto no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do procedemento administrativo, a resolución do procedemento non será obxecto de notificación individual ós afectados, senón que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación Provincial de Ourense, con expresión dos beneficiarios e da contía das subvencións concedidas, nos termos esixidos pola lexislación aplicable en materia de subvencións e na Lei 19/2013, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, no que sexa aplicable.

Décimo terceira.- Publicidade da subvención por parte do beneficiario:

O beneficiario da subvención deberá adoptar medidas de difusión da subvención concedida, para darlle unha axeitada publicidade ó carácter público do financiamento do seu proxecto para que se lles fará chegar unhas instrucións que deberán ter en conta no momento de realizar esta publicidade/información/divulgación.

No caso de que se incumpran estas medidas, o incumprimento da obriga poderá ser causa de perda do dereito á subvención ou de reintegro ata un importe do 20 % da subvención concedida, importe que se determinará en función da gravidade do incumprimento.

Décimo cuarta.- Xustificación da subvención:

A Deputación poderá conceder ata o 100% do importe xustificado para cada proxecto subvencionado, e sempre co límite económico máximo do importe recoñecido na resolución.

O prazo de xustificación do proxecto rematará o día 30 de novembro de 2020. Deberá xustificarse presentando

- Memoria da execución do proxecto subvencionado cumprimentado no formulario facilitado pola Área de Benestar
- Relación de documentos xustificativos dos gastos realizados.
- Certificación esixida polo órgano competente da entidade beneficiaria da realización dos gastos correspondentes ó proxecto.
- Declaración responsable do conxunto de tódalas subvencións e axudas percibidas para a mesma finalidade, sexan públicas ou privadas.
- Relación e xustificación das medidas de difusión da subvención concedida. Neste caso deberán engadir probas gráficas/sonoras/visuais da publicidade realizada e conforme coas instrucións facilitadas pola Deputación ó respecto.
- Certificación da conta bancaria asinada polo banco ou caixa correspondente.
- Declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións previstas no artigo 13 da lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, para obter a condición de beneficiario/a, substituíndo esta declaración á presentación de certificacións na acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social por tratarse dun dos supostos previstos na letra e) do artigo 31.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Esta documentación presentarase no rexistro da Deputación xunto con:

- Acreditación das medidas de difusión adoptadas
- Documentos xustificativos do gasto e/ou facturas, emitidos a nome da entidade perceptora da subvención.

A documentación xustificativa deberá achegarse completa para cada un dos proxectos presentados. En todo caso, teranse en conta as seguintes regras especiais:

1ª.- Os beneficiarios poderán subcontratar con terceiros a execución total ou parcial do proxecto obxecto da subvención, sen limitación en canto á contía subcontratada, pero, en todo caso, con suxeición ás seguintes regras:

- A realización do proxecto non poderá concertarse con persoas ou entidades incursas nos supostos a que se refire o artigo 27.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Cando o importe do gasto subvencionable correspondente supere a contía de 18.000,00 €, excluído IVE (artigo 31.3 da Ley Xeral de Subvencións), no caso de prestación de servizos por empresas, o beneficiario deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contracción do compromiso, para a prestación do servizo ou entrega do ben, agás que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou agás que o gasto se realizara con anterioridade á solicitude de subvención. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse coa xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.
- No caso de adquisición de bens inventariables, o beneficiario deberá destinalos ditos bens para o fin concreto para o que se concedeu a subvención por un prazo mínimo de cinco anos.
- Para estes efectos, coa xustificación achegarase a documentación acreditativa do cumprimento do requisito de petición de tres ofertas, ou xustificación da súa non petición conforme co sinalado nos parágrafos anteriores, así como memoria xustificativa da elección da oferta.

2ª.- En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os xuros debedores de contas bancarias, os xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais. Polo exposto, a xustificación non poderá incluí-los referidos gastos.

Os gastos estarán referidos única e exclusivamente á anualidade 2020, obxecto da presente convocatoria.

A solicitude da Intervención da Deputación Provincial, poderán esixirse aqueles documentos ou xustificantes complementarios que, motivadamente, se consideren oportunos para unha fidedigna acreditación da realización do gasto. Igualmente, a Intervención da Deputación poderá realizar funcións de inspección e control financeiro das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A Xunta de Goberno declarará a perda do dereito ás subvencións non xustificadas en prazo, total ou parcialmente, segundo proceda.

Décimo quinta.- Obrigas dos beneficiarios:

Con carácter xeral, os beneficiarios asumirán tódalas obrigas impostas pola Lei 38/2003 xeral de subvencións e a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. En particular, quedan suxeitos ás obrigas de control financeiro e reintegro nos casos previstos na dita lei.

Décimo sexta.- Compatibilidade con outras axudas ou subvencións públicas:

As subvencións concedidas ó abeiro da presente convocatoria son compatibles con outras axudas e subvencións públicas ou privadas, sempre que o importe conxunto de todas elas non supere o 100% do custo total do proxecto, a excepción das subvencións nominativas e/ou directas concedidas pola Deputación de Ourense para o mesmo ou similar proxecto, que serán incompatibles.

Décimo sétima.- Reintegro ou perda do dereito ó cobro das subvencións:

En caso de incumprimento por algunha das causas previstas no artigo 32 da Lei 9/2007 de subvenciones de Galicia procederase á tramitación dun expediente de reintegro, ou, se é o caso, de perda do dereito á subvención concedida. A obriga de reintegro ou a perda do dereito poderá ser total ou parcial, en función da gravidade do incumprimento do beneficiario, graduándose de acordo co principio de proporcionalidade. Non se realizará expediente de perda de dereito naqueles casos nos que esta veña causada porque a entidade non xustifique a totalidade da subvención concedida por falta de gasto e/ou medios probatorios deste. Unha vez tramitado o expediente de reintegro ou perda do dereito á subvención, concederáselle ó

interesado un prazo de quince días hábiles para que poida comparecer no expediente, tomar audiencia e, á vista deste, propo-las probas e realiza-las alegacións que teña por conveniente. Concluídas estas actuacións e emitidos os informes oportunos, a Xunta de Goberno ditará a resolución que corresponda.

Décimo oitava.- Normativa supletoria:

En todo o non disposto nestas bases, seralle de aplicación á presente convocatoria e ás subvencións que se concedan ó seu abeiro, o disposto na Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e a Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia, os seus regulamentos de desenvolvemento no que sexa aplicable á administración local, así como a lexislación aplicable en materia de réxime xurídico das administracións públicas e de procedemento administrativo común.

ANEXO I

CRITERIOS PARA A APLICACIÓN DA PERSPECTIVA DO RETO DEMOGRÁFICO E CLASIFICACIÓN DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE OURENSE.

A FEMP elaborou, en abril de 2017, o “Documento de acción da Comisión de despoboamento: listaxe de medidas de loita contra este fenómeno demográfico”, recolléndose neste documento, nas súas consideracións previas, que “a regresión demográfica converteuse nun problema de Estado e como tal ten que respondérselle dende unha perspectiva de gobernanza multinivel que, na práctica, leva consigo a implicación de todas as administracións públicas en todas as súas fronte de acción”.

O citado documento enumera as “catro figuras” que poden explicar os desafíos demográficos aos que hai que enfrontarse multidimensional e multiescalarmente:

- A baixa densidade,
- O envellecemento,
- A caída da natalidade e
- A perda continuada da poboación.

Desde a FEMP propónse unha rigorosa formulación de medidas prácticas que incorporen a loita contra o despoboamento como un principio para ter en conta en todos os plans e liñas de acción das administracións públicas.

A “Comisión de despoboamento” da FEMP, que desde a súa constitución en 2016 vén reclamando a adopción dunha Estratexia Nacional contra o despoboamento, pide que se reforce o papel das deputacións provinciais, cabidos e consellos insulares, como entidades de referencia e liderado nas políticas de sostemento e atención á poboación rural, intensificando a orientación das políticas das deputacións cara á corrección de desequilibrios demográficos no seu ámbito territorial, mediante a garantía dos servizos públicos de competencia local e o fomento do desenvolvemento económico e social de carácter endógeno.

Seguindo esta formulación, a Deputación Provincial de Ourense ten creado dentro da súa estrutura política a Área de Reto Demográfico, Igualdade e Políticas Sociais, e dentro da súa organización administrativa a Área de Benestar, coas funcións de impulso e execución das políticas provinciais nos referidos eidos, respectivamente.

Deste xeito, dende o exercicio 2019, por estas Áreas vense establecendo unha clasificación dos concellos de Ourense, en aplicación aos criterios de reto demográfico que neste documento se recollen, coa finalidade de que os mesmos sexan aplicados a todos os programas de cooperación coas entidades locais da provincia e bases reguladoras de subvencións que as referidas áreas promovan durante o exercicio 2020.

1. DATOS OFICIAIS EMPREGADOS.

DATO	FONTE	LIGAZÓN	OBSERVACIÓNS
Inclusión nunha área urbana	Atlas estatístico das áreas urbanas de España 2018	https://www.fomento.go.es/mfom/modin/recursos/listado:area_urbanas_po_municipios_2018.pdf	Publicado polo anterior Ministerio de fomento. Hoxe Ministerio de transporte, mobilidade e axenda urbana
Poboación oficial	Instituto nacional de Estadística (INE)	https://www.ine.es/jaxi/t3/Táboa.htm?t=2885&L=0	Últimos datádevos definitivos publicados a data 27 de decembro de 2019
Variación da poboación (2010-2019)	Instituto nacional de Estadística (INE)	https://www.ine.es/jaxi/t3/Táboa.htm?t=2885&L=0	Elaboracións propias a partir dos datos de poboación definitivos publicados a data 27 de decembro de 2019
Superficie do termo municipal	Instituto Galego de Estadística (IGE)	http://www.ige.eu/igebdt/esq.jsp?idioma=é&paxina=000&c=1&roteiro=verEjesApi.jsp?COD=77&M=&S=&S=R&ET=	Últimos datos definitivos publicados referidos ao ano 2011
Densidade de poboación	Instituto nacional de Estadística (INE) Instituto Galego	https://www.ine.es/jaxi/t3/Táboa.htm?t=2885&L=0	Elaboración propia a partir dos últimos datos de poboación definitiva publicada en decembro de 2019 e dos últimos datos definitivos de superficie a

	de Estatística (IGE)		
Índice de envellecemento	Instituto nacional de Estatística (INE) Instituto Galego de estatística (IGE)	http://www.ige.eu/igebdet/sselector.jsp?COD=53106&paxina=001&c=0201001002	Elaboración propia partir dos últimos datos de definitivos publicados de poboación segmentado por idade e concellos ao 31 de xaneiro 2019
Taxa de natalidade	Instituto Galego de Estatística (IGE)	http://www.ige.eu/igebdet/sselector.jsp?COD=57&paxina=001&c=0201001002	Elaboración propia partir dos últimos datos de definitivos publicados de nacemento segmentados por sexo e concello con data de publicación ao 30 de novembro de 2019 e referidos aos anos 2015, 2016, 2017

Para garantir o estrito cumprimento dos principios de obxectividade e transparencia, a continuación indícanse os rexistros oficiais que se empregan para a aplicación da perspectiva do reto demográfico e a clasificación dos concellos nos graos que se indicarán.

2. CLASIFICACIÓN INICIAL DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE OURENSE

a) Clasificación Primaria dos Concellos da Provincia de Ourense.

1. Sen Prioridade Demográfica: Estarán incluídos dentro desta clasificación aqueles concellos que cumpran algunha das seguintes condicións:

- Estar incluídos nunha área urbana, en aplicación ao “atlas estatístico das áreas urbanas de España: Áreas Urbanas de España 2018” publicada polo anteriormente chamado Ministerio de Fomento, actualmente Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.
- Ter máis de 10.000 habitantes.
- Ter entre 5.000 e 10.000 habitantes, e gañar poboación na última década

2. Con Prioridade Demográfica: Estarán incluídos dentro desta clasificación os concellos non incluídos nunha área urbana en aplicación ao atlas estatístico e nos que concorran ademais, algunha das seguintes características:

- Ter unha poboación menor ou igual a 5.000 habitantes.
- Ter unha poboación entre 5.000 e 10.000 habitantes e que perderan poboación na última década.

b) Clasificación Secundaria dos Concellos da Provincia de Ourense

Aqueles concellos que, na clasificación primaria sexan considerados “*con prioridade demográfica*”, obterán un GRAO. Os grados son: Grao 1, Grao 2 e Grao 3, onde o Grado 1 será o de menor intensidade e o Grado 3 o de maior intensidade.

Os concellos incluídos na clasificación “sen prioridade demográfica”, obterán un Grao 0.

3. APLICACIÓN DOS CRITERIOS PARA DETERMINAR A “PRIORIDADE DEMOGRÁFICA” DOS CONCELLOS.

Os criterios que se teñen en conta para determinar a “prioridade demográfica” dos concellos da provincia, son os seguintes:

1.- Poboación.

Os concellos clasificaranse en :

- Ata 1.000 habitantes.
- De 1001 a 5.000 habitantes.
- De 5001 a 10.000 habitantes.
- De 10.001 a 20.000 habitantes.

Para determinar a poboación para os efectos da convocatoria tívose en conta a cifra oficial de poboación INE do ano 2019.

2.- Situación Xeográfica.

Establécese unha diferenza entre:

- Concellos pertencentes a “ áreas urbanas” do atlas estatístico das áreas urbanas.
Concellos que non pertencen a unha “área urbana” do atlas estatístico das áreas urbanas .

3.- Perda da poboación.

Diferéncianse entre:

- Concellos que gañaron poboación na década 2010-2019.
- Concellos que perderon poboación nunha porcentaxe menor ao 10% na década 2010-2019.
- Concellos que perderon entre un 10% e un 15% de poboación na década 2010-2019.
- Concellos que perderon máis dun 15% e menos dun 20% de poboación última década 2010-2019.
- Concello que perderon un 20% ou máis de poboación na década 2010-2019.

4.- Densidade demográfica municipal.

Neste índice tense en conta a relación entre a cifra de poboación municipal e a súa superficie, expresada en quilómetros cadrados.

En atención a este criterio a clasificación será:

- Concello con densidade igual ou inferior a 10 habitantes/km²
- Concellos con densidade maior a 10 habitantes/km² e menor a 15 habitantes/km²
- Concellos con densidade igual ou maior a 15 habitantes/km² e menor a 20 habitantes/km²
- Concellos con densidade igual ou maior a 20 habitantes/km²

5.- Índice de envellecemento.

Para o cálculo deste índice tense en conta a relación entre a cantidade de persoas adultas maiores e a cantidade de nenos e novos; calcularase o cociente entre persoas de máis de 64 anos –segundo cifras de poboación publicadas polo INE e referidas ao ano 2018¹–, e as persoas menores de 15 anos, e este cociente será multiplicado por 100 para obter este índice.

Segundo o cal os concellos se clasificarán entre:

- Concellos cuxo índice sexa superior a 750.
- Concellos cuxo índice sexa igual ou superior a 600 e inferior ou igual a 750.
- Concellos cuxo índice sexa inferior a 600.

¹ Trátase dos últimos definitivos publicados polo INE segmentados por idades e concellos á data de redacción deste documento.

6.- Taxa de Natalidade.

Esta taxa obterase do cálculo de relacionar o número de nados vivos por cada 1000 habitantes en cada municipio, para o que se tomará a cifra media de nacementos segundo os datos publicados polo IGE e referidos aos anos 2015,2016,2017², en atención ao que os concellos clasificaranse en :

- Taxa inferior a 2.
- Taxa igual ou superior a 2 e inferior a 3.
- Taxa igual ou superior a 3.

4. CLASIFICACIÓN DOS CONCELLOS: SEN / CON PRIORIDADE DEMOGRÁFICA E GRAO 0 / 1 / 2 / 3.

Aplicando os criterios indicados nos apartados anteriores, os concellos obterán unha das dúas posibles clasificacións:

1. Sen prioridade demográfica

Serán considerados “concellos sen prioridade demográfica”, aqueles incluídos nunha “área urbana”, en aplicación ao Atlas Estatísticos das Áreas Urbanas de España do Ministerio de Fomento ou que cumpran, algunha das seguintes condicións:

- a) Ter unha poboación maior a 10.000 habitantes.
- b) Ter unha poboación entre 5.000 e 10.000 habitantes e que na última década gañasen poboación.

2. Con prioridade demográfica

Aqueles concellos non clasificados como “sen prioridade demográfica” serán considerados como “con prioridade demográfica”, e, serán os que obteñan a clasificación en GRADO en aplicación aos criterios seguintes:

GRAO 1.

Serán considerado como GRAO 1 aqueles concellos que cumpran algunha das seguintes condicións:

² Trátase dos últimos datos definitivos publicados polo IGE neste concepto segmentados por idades e concellos.

a) Poboación igual ou inferior a 5.000 habitantes.

b) Poboación maior a 5.000 habitantes que presentan perda de poboación na última década.

Cando un concello é clasificado como de “prioridade demográfica”, automaticamente considéraselle en GRAO 1.

Para ser clasificado de Grao 2 ou de Grao 3, terán, ademais de ser considerados “ con prioridade demográfica”, ou grao 1, cumprir as condicións do Grao 2, ou do Grao 3.

En todo caso, se un mesmo concello pode ser clasificado en mais dun grao, consideraráse sempre no grao superior por ser de condicións máis vantaxosas.

GRAO 2.

Concellos con prioridade demográfica, que ademais cumpre algunha das seguintes realidades:

- Concellos de menos de 1.000 habitantes que na última década perdese entre un 15% e un 20% da súa poboación.
- Concellos de menos de 1.000 habitantes que teñan unha densidade de poboación superior a 10 habitantes/km² e inferior a 15 habitantes/km²
- Concellos de menos de 1000 habitantes cunha taxa de envellecemento superior a 750
- Concellos de menos de 1.000 habitantes cun índice de natalidade inferior a 3.
- Concellos de 1.000 habitantes ou mais de 1.000 habitantes que na última década perdesen máis de 15% da súa poboación.
- Concellos de 1.000 habitantes ou mais de 1.000 habitantes que presentan unha densidade de poboación menor de 15h/km²
- Concellos de 1.000 habitantes ou mais de 1.000 habitantes cunha taxa de envellecemento superior a 750.
- Concellos de 1.000 habitantes ou mais de 1.000 habitantes cun índice de natalidade menor a 2.

GRAO 3.

Concellos con prioridade demográfica que, ademais, cumpre algunha das circunstancias seguintes:

- Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha perda de poboación na década 2010-2019 maior ao 20%
- Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha densidade de poboación menor a 10 h/km²
- Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha perda de poboación na década 2010-2019 maior ao 15% e menor do 20% e onde ademais se cumpre algunha das seguintes características:
 - Teñen unha taxa de envellecemento superior a 750 e/ó
 - Teñen unha taxa de natalidade inferior a 2

Anexo II

TABLA DE CLASIFICACIÓN DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE OURENSE EN FUNCIÓN DOS
CRITERIOS DA PERSPECTIVA DO RETO DEMOGRÁFICO.

	CONCELLO	CLASIFICACIÓN PRIORIDADE DEMOGRÁFICA
1	Allariz	sen prioridade
2	Amoeiro	grao 1
3	Arnoia, A	grao 1
4	Avión	grao 2
5	Baltar	grao 2
6	Bande	grao 2
7	Baños de Molgas	grao 2
8	Barbadás	sen prioridade
9	Barco de Valdeorras, O	sen prioridade
10	Beade	grao 3
11	Beariz	grao 3
12	Blancos, Os	grao 3
13	Boborás	grao 2
14	Bola, A	grao 2
15	Bolo, O	grao 3

16	Calvos de Randín	grao 3
17	Carballeda de Avia	grao 2
18	Carballeda de Valdeorras	grao 2
19	Carballiño, O	sen prioridade
20	Cartelle	grao 2
21	Castrelo de Miño	grao 2
22	Castrelo do Val	grao 3
23	Castro Caldelas	grao 2
24	Celanova	grao 1
25	Cenlle	grao 2
26	Chandrexa de Queixa	grao 3
27	Coles	sen prioridade
28	Cortegada	grao 2
29	Cualedro	grao 2
30	Entrimo	grao 2
31	Esgos	grao 1
32	Gomesende	grao 3
33	Gudiña, A	grao 2
34	Irixo, O	grao 2
35	Larouco	grao 3
36	Laza	grao 2
37	Leiro	grao 1
38	Lobeira	grao 3
39	Lobios	grao 2
40	Maceda	grao 1
41	Manzaneda	grao 3
42	Maside	grao 1
43	Melón	grao 2
44	Merca, A	grao 1

45	Mezquita, A	grao 2
46	Montederramo	grao 3
47	Monterrei	grao 2
48	Muíños	grao 2
49	Nogueira de Ramuín	grao 2
50	Oímbra	grao 2
51	Ourense	sen prioridade
52	Paderne de Allariz	grao 1
53	Padrenda	grao 2
54	Parada de Sil	grao 3
55	Pereiro de Aguiar	sen prioridade
56	Peroxa, A	grao 2
57	Petín	grao 2
58	Piñor	grao 2
59	Pobra de Trives, A	grao 2
60	Pontedeva	grao 3
61	Porqueira	grao 3
62	Punxín	grao 3
63	Quintela de Leirado	grao 3
64	Rairiz de Veiga	grao 2
65	Ramirás	grao 2
66	Ribadavia	grao 1
67	Riós	grao 2
68	Rúa, A	grao 1
69	Rubiá	grao 2
70	San Amaro	grao 2
71	San Cibrao das Viñas	sen prioridade
72	San Cristovo de Cea	grao 2
73	San Xoán de Río	grao 3

74	Sandiás	grao 1
75	Sarreaus	grao 2
76	Taboadela	grao 2
77	Teixeira, A	grao 3
78	Toén	grao 1
79	Trasmiras	grao 2
80	Veiga, A	grao 3
81	Verea	grao 3
82	Verín	sen prioridade
83	Viana do Bolo	grao 2
84	Vilamarín	grao 1
85	Vilamartín de Valdeorras	grao 1
86	Vilar de Barrio	grao 2
87	Vilar de Santos	grao 2
88	Vilardevós	grao 2
89	Vilariño de Conso	grao 3
90	Xinzo de Limia	grao 1
91	Xunqueira de Ambía	grao 2
92	Xunqueira de Espadanedo	grao 3

2º) Aprobar a convocatoria do referido concurso e ordenar a publicación das citadas bases no BOP e na sede electrónica da Deputación.

5.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á FUNDACIÓN CARLOS CASARES PARA GASTOS DE FUNCIONAMENTO DA ENTIDADE CORRESPONDENTES Ó ANO 2020.-

Unha vez vista a proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor Fundación Carlos Casares, nos seguintes termos:

-Importe: 30.000,00 €.

-Obxecto: Gastos de funcionamento da entidade, correspondentes ao ano 2020.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa polo importe concedido, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, e as certificacións de estar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica de Galicia e coa Seguridade Social.

De conformidade co artigo 15.1 b) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, para considerar xustificada a subvención deberá acreditarse a realización dun investimento por unha contía igual ou superior ao importe da subvención concedida. No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente, agás nos seguintes supostos, nos que procederá a perda total do dereito á subvención:

a) Que a redución supoña o total incumprimento da finalidade da subvención.

b) Que a redución do orzamento da actuación executada con respecto ao presentado coa solicitude sexa tal que, de ser tida en conta na valoración efectuada para a concesión, tivese dado lugar á denegación da subvención.

Igualmente, non se considerará xustificada unha subvención cando, aínda manténdose a contía de gasto prevista, se producisen cambios ou modificacións de carácter substancial no proxecto, entendendo por tales aqueles que, de ter sido contemplados na solicitude, terían dado lugar a unha valoración inferior do proxecto, ou aqueles que consistan na realización dunha actividade esencialmente distinta á proxectada.

Naqueles casos nos que as modificacións só afecten a parte do proxecto, a subvención poderá considerarse parcialmente xustificada na parte non afectada, declarándose a perda do dereito á subvención correspondente ao resto.

En todo caso, cando a contía do gasto xustificado sexa inferior ao 25% do orzamento presentado coa solicitude de subvención, esta entenderase automaticamente como non xustificada, dando lugar ao reintegro ou perda total do dereito á subvención

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 30 de outubro de 2020.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

6.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE BEARIZ PARA SINALIZACIÓN CAMIÑO DE SANTIAGO E ARRANXO DE FONTE EN BEARIZ.-

Unha vez vista a proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Conceder unha subvención nominativa a favor do Concello de Beariz, para a execución da obra *senalización Camiño de Santiago e arranxo de fonte en Beariz*, polo importe de 8.000 euros, coas seguintes condicións:

A contratación do investimento subvencionado será realizada directamente pola Deputación Provincial de Ourense, a través da súa Sección de Contratación. A subvención entenderase xustificada coa execución do seu obxecto pola Deputación.

A dirección facultativa da execución das obras e a coordinación de seguridade e saúde, corresponderá aos técnicos designados polo concello, a través dos que a administración municipal poderá dispoñer da información necesaria sobre a execución das obras así como controlar a súa correcta execución.

Concluída a execución da actuación subvencionada, comunicarse ao concello para os efectos de que designe un representante que poida asistir ao acto de recepción da obra, en virtude do cal, e sempre que o concello amose a súa conformidade na correspondente acta, as obras entenderanse entregadas ao concello beneficiario.

A desconformidade do concello coa recepción da obra deberá ser motivada por causas non imputables á dirección facultativa das obras, e dará lugar á incoación e tramitación por parte da Deputación dos procedementos necesarios para a súa resolución.

7.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE CARTELLE PARA BANCADA CAMPO EN SANDE.-

Unha vez vista a proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Conceder unha subvención nominativa a favor do Concello de Cartelle, para a execución da obra *bancada campo de Sande*, polo importe de 48.000 euros, coas seguintes condicións:

A contratación do investimento subvencionado será realizada directamente pola Deputación Provincial de Ourense, a través da súa Sección de Contratación. A subvención entenderase xustificada coa execución do seu obxecto pola Deputación.

A dirección facultativa da execución das obras e a coordinación de seguridade e saúde, corresponderá aos técnicos designados polo concello, a través dos que a administración municipal poderá dispoñer da información necesaria sobre a execución das obras así como controlar a súa correcta execución.

Concluída a execución da actuación subvencionada, comunicarse ao concello para os efectos de que designe un representante que poida asistir ao acto de recepción da obra, en virtude do cal, e sempre que o concello amose a súa conformidade na correspondente acta, as obras entenderanse entregadas ao concello beneficiario.

A desconformidade do concello coa recepción da obra deberá ser motivada por causas non imputables á dirección facultativa das obras, e dará lugar á incoación e tramitación por parte da Deputación dos procedementos necesarios para a súa resolución.

8.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE CASTRELO DO VAL PARA ADQUISICIÓN DE DOUS VEHÍCULOS MUNICIPAIS.- Unha vez vista a proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor do Concello de Castrelo do Val, nos seguintes termos:

-Importe: 17.908,00 €.

-Obxecto: Adquisición de dous vehículos municipais.

-Xustificación: A subvención xustificarse mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, A subvención xustificarse mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do

concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o 100% do importe do orzamento presentado (17.908,00 euros), indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- 4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.
- 5.- Que a entidade se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.
- 6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas

líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 30 outubro de 2020.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

9.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE ESGOS PARA EXECUCIÓN DA OBRA DE ABASTECIMIENTO CACHAMUÍÑA.- Unha vez vista a proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Conceder unha subvención nominativa a favor do Concello de Esgos, para a execución da obra *abastecemento Cachamuíña*, polo importe de 30.000 euros, coas seguintes condicións:

A contratación do investimento subvencionado será realizada directamente pola Deputación Provincial de Ourense, a través da súa Sección de Contratación. A subvención entenderase xustificada coa execución do seu obxecto pola Deputación.

A dirección facultativa da execución das obras e a coordinación de seguridade e saúde, corresponderá aos técnicos designados polo concello, a través dos que a administración municipal poderá dispoñer da información necesaria sobre a execución das obras así como controlar a súa correcta execución.

Concluída a execución da actuación subvencionada, comunicarse ao concello para os efectos de que designe un representante que poida asistir ao acto de recepción da obra, en

virtude do cal, e sempre que o concello amose a súa conformidade na correspondente acta, as obras entenderanse entregadas ao concello beneficiario.

A desconformidade do concello coa recepción da obra deberá ser motivada por causas non imputables á dirección facultativa das obras, e dará lugar á incoación e tramitación por parte da Deputación dos procedementos necesarios para a súa resolución.

10.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE ESGOS PARA EXECUCIÓN DA OBRA ASFALTADO VÍA CERNADA-ARCOS.- Unha vez vista a proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Conceder unha subvención nominativa a favor do Concello de Esgos, para a execución da obra *asfaltado vía Cernada-Arcos*, polo importe de 48.000 euros, coas seguintes condicións:

A contratación do investimento subvencionado será realizada directamente pola Deputación Provincial de Ourense, a través da súa Sección de Contratación. A subvención entenderase xustificada coa execución do seu obxecto pola Deputación.

A dirección facultativa da execución das obras e a coordinación de seguridade e saúde, corresponderá aos técnicos designados polo concello, a través dos que a administración municipal poderá dispoñer da información necesaria sobre a execución das obras así como controlar a súa correcta execución.

Concluída a execución da actuación subvencionada, comunicarse ao concello para os efectos de que designe un representante que poida asistir ao acto de recepción da obra, en virtude do cal, e sempre que o concello amose a súa conformidade na correspondente acta, as obras entenderanse entregadas ao concello beneficiario.

A desconformidade do concello coa recepción da obra deberá ser motivada por causas non imputables á dirección facultativa das obras, e dará lugar á incoación e tramitación por parte da Deputación dos procedementos necesarios para a súa resolución.

11- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se suscitaron.

12.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.- Non se presentaron.

13.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás dez horas e trinta minutos do referenciado día seis de xullo do ano dous mil vinte, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará electronicamente.